



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 13 de abril de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/27007

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Teoría do Sinal e Comunicacóns + Tecnoloxía Electrónica

Departamento: Enxeñaría de Computadores

Docencia: Materias da área

Centro: Facultade de Informática

Tras analizar a documentación da praza 25/27007, as reclamacións presentadas por D. Daniel Ríos Suárez, os informes da Comisión de selección, a nova proposta de provisión e a correspondente acta de puntuacións asinadas por esta con data de 5 de abril de 2026 como consecuencia do acordo da Comisión de reclamacións de data 27 de marzo de 2026, a Comisión de reclamacións, na súa reunión de 13 de abril de 2026, manifesta:

1. con data de 5 de marzo de 2026 publicáronse no TEO os criterios de valoración que incluían para o punto IV. Experiencia profesional: "A experiencia profesional no ámbito das materias asociadas á convocatoria valorarase con 5 puntos por ano completo. Outra experiencia no campo das TI [sic] valorarase con 2 puntos por ano."
2. con data de 27 de marzo de 2026 a Comisión de reclamacións acordou:
 - *estimar a reclamación de D. Daniel Ríos Suárez no relativo á non pertinencia da inclusión como criterio específico para a valoración da experiencia profesional "Outra experiencia no campo das TI[C] valorarase con 2 puntos por ano" por non axustarse ao contemplado para as prazas de profesorado asociado no baremo do anexo I da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, que sinala explicitamente que, no caso do profesorado asociado e do profesorado asociado de Ciencias da Saúde, se valorarán unicamente os méritos "da actividade específica definida para a praza obxecto de concurso", neste concurso, os das materias da área de Teoría do Sinal e Comunicacóns + Tecnoloxía Electrónica*
 - *solicitar da Comisión de reclamacións que proceda a baremar os méritos das persoas candidatas na punto da Experiencia profesional, excluindo este criterio, e envíe a correspondente acta de puntuación e a nova proposta de provisión*
 - *facer público este acordo*
3. na proposta de provisión da Comisión de selección revisada e asinada con data 5 de abril de 2026 as puntuacións asignadas a dúas das persoas candidatas no punto IV. Experiencia profesional incrementouse



Por tanto, acorda:

1. solicitar da Comisión de selección que proceda a aplicar o acordo da Comisión de reclamacións de 27 de marzo nos seus estritos termos, procedendo a eliminar da valoración das persoas candidatas a puntuación concedida a "outra experiencia profesional no campo das TI[C]", isto é, restándoa do total inicialmente asignado a cada persoa candidata
2. facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández